



**BASES PARA A SELECCIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DA
ESCOLA OBRADOIRO "A MEMORIA DA CIDADE"
(Concello de Lugo)**

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 15 e 16 da Orde de 21 de decembro de 2007 da Consellería de Traballo, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento, o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección dos desempregados como traballadores participantes na escola obradoiro **A Memoria da Cidade**, promovido polo **Concello de Lugo** e subvencionado pola **Consellería de Traballo**.

Segunda.- Relación xurídica dos traballadores participantes coa entidade promotora do Escola Obradoiro.

Durante a primeira fase de duración da Escola Obradoiro, os alumnos traballadores recibirán formación profesional ocupacional segundo o plan formativo da memoria, durante a segunda fase en alternancia os alumnos traballadores estarán vinculados á entidade promotora, mediante a modalidade de contrato para a formación. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada **completa**, podendo ser prorrogados ata o prazo máximo de duración da Escola Obradoiro, tendo en consideración a súa aptitude para continuar participando no proxecto formativo.

Para a incorporación dos alumnos traballadores menores de 18 anos estarase o disposto na normativa aplicable, fundamentalmente á Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais que no seu artigo 27 parágrafo 1º obriga ao empresario, antes do inicio da actividade a efectuar unha avaliación dos postos de traballo a desempeñar por estes. Asemade terase en conta o Decreto de 26 de xullo de 1957 no relativo ós traballos prohibidos ós menores.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes.

Os participantes no proceso selectivo, deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

1º.- Estar inscrito como desempregado na oficina de emprego de **Lugo**

2º.- Ser menor de 25 anos e maior de 16.

3º.- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación durante toda a duración do proxecto.

4º.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida a normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.

5º.- Comprometerse activamente no obxecto fundamental da Escola Obradoiro: a aprendizaxe da especialidade formativa á que sexa adscrito, como medida orientada a favorecer a súa inserción profesional e o acceso ó mercado de traballo, por conta propia ou allea.



b) Requisitos específicos:

Para todos os módulos:

- Idade: **de 16 a 24 anos.**

Módulo de xestión documental:

- **Estudos:** Bacharelato ou equivalente

Módulo de Imaxe dixital:

- **Estudos:** Bacharelato ou equivalente

Módulo de Restauración do Patrimonio

- **Estudos:** Graduado en ESO.

c) Causas de exclusión:

- **Non poder celebrar un contrato de formación cunha duración mínima de 12 meses.**
- **Ter recibido, nos estudos rematados de FPI, FPII, ciclos formativos de grao medio, ciclos formativos de grao superior, diplomaturas, enxeñerías técnicas, licenciaturas ou enxeñerías superiores algunha asignatura coincidente cos módulos a impartir dentro da especialidade da escola obradoiro.**

Cuarta.- Procedemento de selección.

O procedemento de selección consistirá na tramitación, previa de oferta de actividade á oficina de emprego de un cuestionario no que se formulen aquelas preguntas que o grupo de traballo mixto considere necesarias para establecer cales serán os seleccionados como alumnos-traballadores da Escola Obradoiro.

Para tal fin, aplicarase o baremo de selección que se incorpora como anexo destas bases.

Quinta.- Oferta de actividade.

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto, e aprobados os criterios de selección dos alumnos-traballadores que van participar na Escola Obradoiro, tramitarase oferta de actividade á oficina de emprego de **Lugo**, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:



- a) Ámbito xeográfico: **Concello de LUGO** .
- b) Códigos: **Módulo de Imaxe Dixital (subgrupo 3041, subgrupo 3541, subgrupo7723, subgrupo 7724, subgrupo7725, subgrupo7726 subgrupo 4220) , Módulo de Restauración Patrimonio (subgrupo7725, grupo 835), Módulo de Xestión Documental (grupo 41.)**
- c) **Nivel profesional:**
- d) Idade: **de 16 a menor de 25 anos.**
- e) Número de candidatos a remitir: Na medida do posible 3 por posto ata un máximo de **99**. Se o número de candidatos excedese desta cifra, efectuarase unha selección, excluindo ós que tiveran participado anteriormente en **programas de Escolas obradoiros** .
- f) Data de realización da sondaxe: **a partir do 3/11/08.**
- g) Serán causas de exclusión non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases.
- h) Requisitos de formación : Cumprir os requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto (**1 ano**).

Sexta.- cuestionario.

O grupo de traballo mixto, segundo o acordado, aplicará un baremo obxectivo establecido no Anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos a remitir pola oficina de emprego.

O cuestionario terá lugar o vindeiro **18/11/08 ás 11 horas** nas dependencias do **Centro Social de Fingoi de Lugo sito na c/ Aviación española 22-24.**

Sétima.- Criterios de preferencia.

Os criterios de preferencia na selección serán:

- a) Desempregados que, reunindo os requisitos anteriormente establecidos, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como as mulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia doméstica, os parados de longa duración, as persoas con discapacidade, sempre que poidan realiza-los traballos, e os pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- b) As mulleres vítimas de violencia doméstica incorporaranse directamente con prioridade absoluta o proxecto, sempre e cando cumplan os requisitos xerais das presentes bases.

Oitava.- Puntuación final.

Avaliado o cuestionario, será elaborada a relación dos admitidos e excluídos para participar na Escola Obradoiro, como alumnos-traballadores, indicando a puntuación total e as especialidades formativas ás que son adscritos. Esta relación deberá ser exposta nos taboleiros da entidade promotora, da delegación provincial e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempregado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.

Novena.- Lista de reserva.

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de supli-las posibles baixas dos seleccionados como alumnos-traballadores, unha vez iniciada a actividade da escola obradoiro, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polos candidatos que, non sendo seleccionados, obtiveran as maiores puntuacións.

Esta lista de reserva terá vixencia durante a duración do proxecto formativo.

Décima.- Admisión.

Os seleccionados polo grupo de traballo mixto serán admitidos pola entidade promotora, para participar na Escola Obradoiro na condición de alumno traballador sempre e cando cumpran co punto 4º dos requisitos xerais destas bases, para o que deberán aportar a entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial no que deberá figurar a lenda "o interesado non padece enfermidade nin está afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar na Escola Obradoiro "

Para a incorporación dos alumnos traballadores menores de 18 anos estarase o disposto na normativa aplicable, fundamentalmente á Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais que no seu artigo 27 parágrafo 1º obriga ao empresario, antes do inicio da actividade a efectuar unha avaliación dos postos de traballo a desempeñar por estes. Asemade terase en conta o Decreto de 26 de xullo de 1957 no relativo ós traballos prohibidos ós menores.

Décimo primeira.- Incidencias e reclamacións.

De conformidade co establecido no artigo 20 da Orde do **21/12/07** da Consellería de Traballo, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

As incidencias e reclamacións que se susciten no proceso de selección seguido , presentaranse ante o grupo de traballo no prazo de 5 días naturais a contar dende o seguinte ó da exposición das listas de admitidos e reservas e serán resoltas polo grupo de traballo mixto sen que quepa ulterior recurso en vía administrativa.

Lugo a 28 de outubro de 2008

Sonia Méndez García

Paulina A. Gamazo Medina

Francisco Quinzá-Torroja García

Luis López López